



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 19 DE XUÑO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e quince minutos do día dezanove de xuño de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D, Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 3.192 de data 6 de xuño de 2014, remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA no que informan sobre o Convenio de colaboración para implantar un sistema de recollida de aceite vexetal na provincia.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:

- Adherirse ó Convenio entre a Deputación de Pontevedra e a fundación SIGOLEO para a implantación dun sistema de recollida de aceite vexetal.
- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos deriven del.

Vista a Resolución do 28 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- solicitar unha subvención ó abeiro desta convocatoria para a Festa da Lagosta.
- financiar o importe que non resulte subvencionado do orzamento ata o importe total da execución.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Vista a Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas á entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de Risga, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Aprobar o proxecto de servizo denominado: Atención ó público en instalacións municipais
- Solicitar esta subvención dito servizo coas seguintes características:
 - 1.- Atención ó público en instalacións municipais (3 persoas na categoría de ordeanza vixiante). Contrato de 30 h/semanais por un prazo de 8,5 meses
- Dispoñer de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro desta Orde.

Vista a Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas á entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de Risga, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Aprobar o proxecto de servizo denominado: Mantemento e limpeza de camiños.
- Solicitar esta subvención dito servizo coas seguintes características:
 - 2.- Servizo de mantemento e limpeza de camiños (4 persoas na categoría de peóns forestais). Contrato de 30 h/semanais por un prazo de 8,5 meses.
- Dispoñer de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro desta Orde.

Lese o escrito RE 3.439 de data 18 de xuño de 2014, presentado por CLUB CICLISTA O ROSAL, con enderezo social en Baixos Gardería Municipal de Pías no Rosal, solicitando ó peche ó tráfico rodado da nova rotonda de Pintán coa nova vía CG 4.2 dende as 14 horas ata as 20 horas do día 12 de xullo con motivo da celebración do Campionato de Galicia de Contrreloxo Individual. Ademais solicitan a presenza de membros de Protección Civil nese lugar.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 3.476 de data 18 de xuño de 2014, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELELRÍA DE PRESIDENCIA, AA. PP. E XUSTIZA, solicitando informe sobre a viabilidade da proba ciclista "Campionato Galego de Contrarreloxo Individual".

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe inconveniente na súa celebración.

Lese o escrito RE 3.412 de data 17 de xuño de 2014, presentado por DNA. LILA SUAREZ DOMINGUEZ, con enderezo na rúa José María Sesto, nº 88 de A Guarda, solicitando que se instale unha arqueta para o desagüe de fecais na vivenda da súa residencia.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, trala visita xirada polo Concelleiro e Persoal de augas do Concello, comprobouse que hai unha arqueta nas inmediacións de dita vivenda, polo que pode realizar as obras necesarias para facer a conexión.

Dase conta do escrito RE 1.734 de data 3 de abril de 2014, remitido por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a aprobación do novo convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a prestación do servizo de recollida de cans abandonados nos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes adheridos ó servizo intermunicipal e a xestión do centro de protección de animais domésticos abandonados de Armenteira.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, adherirse a este Convenio e remitirlle este acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

Lese o escrito RE 3.256 de data 10 de xuño de 2014, presentado por D. AGUSTÍN FERREIRA LORENZO, en representación de ANABAM, con enderezo social na rúa Calvario, nº 44-baixo da Guarda, solicitando que se faga un seguimento das palmeiras da Alameda a través dunha empresa profesional para evitar a propagación do insecto picudo vermello.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está facendo un seguimento e se talou a única que estaba danada con indicacións de técnicos da Consellería de Medio Ambiente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 3.427 de data 18 de xuño de 2014, presentado por DNA. ANGELES ADROVER CIVIDANES, con enderezo na rúa Cal , nº 14-1º A da Guarda, solicitando a intervención do Concello para evitar os problemas de contaminación acústica que están a sufrir na súa vivenda polo proceder dun veciño.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode intervir neste caso porque se trata de un problema entre veciños no que non ten competencias o Concello.

Neste momento abandona a sesión o sr. Lomba Baz.

PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

- EXPEDIENTE: 1.093/2014.- D. RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA FORMACIÓN DE MURO CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 5,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. REALIZADO CON BLOQUE RECHEO DE FORMIGÓN E RECRECIDO DE MURO EXISTENTE NUNHA ALTURA DE 1,25 MTS. E NUNHA LONXITUDE DE 10,00 MTS., NA FINCA SITUADA NA RÚA DE 3º TRV. DE A CRUZ Nº. 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 6.217/2013.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 14-11-2013 (R.E. nº. 6.217), por **D. AMÉRICO GÓMEZ RODRÍGUEZ** con D.N.I. nº. 34.885.877-Y e con domicilio na rúa de Pozás nº. 21 de A Guarda-C.P. 36789, para "REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa e planta primeira) sita na rúa de Pozás nº. 21, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "A Gándara" (Ordenanza Nº. 9 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución suscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez (Visado C.O.A.G.: 08-10-2013).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 27-02-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras, quen indica que:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

-Os servizos xurídicos avaliarán a idoneidade da documentación de titularidade aportada coa solicitude de licenza de obras tendo en conta a diferenza da superficie co proxecto técnico presentado.

-A rehabilitación dos cubertos existentes acaroados ó linde norte da parcela non se inclúe na licenza de obras solicitada.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 05-03-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, a realización das obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar existente na rúa Pozás nº. 21, licencia que englobará ademais a demolición de dúas edificacións auxiliares (garaxe e cuberto) sinaladas no proxecto, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo. Asimesmo, dispórase que na licenza non se inclúe a rehabilitación de outros dos cubertos existentes acaroados ó linde Norte.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014 **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. AMÉRICO GÓMEZ RODRÍGUEZ**, licenza para "REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa e planta primeira) sita na rúa de Pozás nº. 21, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 4.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DNA. M^a LUISA RODRIGUEZ MONTES (RE 3.066 de 03/06/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (EPIG. 651.2) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 1-baixo (Local 2).

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. M^a LUISA RODRIGUEZ MONTES licenza municipal nº 18/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (EPIG. 651.2) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 1-baixo, Local 2 da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. JOSE ANTONIO TRINIDAD



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

RODRIGUEZ, (RE 3.213 de 09/06/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (EPIG. 675.1) situado na Praia do Muiño.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JOSE ANTONIO TRINIDAD RODRÍGUEZ licenza municipal nº 19/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (Epíg. 675.1) situado na Praia do Muiño.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. JORGE DAVID GOMEZ SERRA (RE 3.214 de 09/06/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (EPIG. 675.1) situado na Praia da Lamiña.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JORGE DAVID GOMEZ SERRA licenza municipal nº 20/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (Epíg. 675.1) situado na Praia da Lamiña.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. HUMBERTO PEREZ ALVAREZ (RE 2.594 de 14/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE MOBLES - EXCEPTO OFICIÑA (EPIG. 653.1) situado na rúa de Concepción Arenal, nº 18-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. HUMBERTO PEREZ ALVAREZ licenza municipal nº 21/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE MOBLES- EXCEPTO OFICIÑA (Epíg. 653.1) situado na rúa Concepción Arenal, nº 18-baixo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DITECA CENTRO DE NEGOCIOS, S.L. (RE 2.655 de 16/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR PRODUCTOS DROGUERÍA, PERFUMERÍA (EPIG. 652.2) situado na rúa de Brasilino Álvarez, nº 13-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DITECA CENTRO DE NEGOCIOS, S.L. licencia municipal nº 22/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR PRODUCTOS DROGUERÍA, PERFUMERÍA (EPIG. 652.2) situado na rúa de Brasilino Álvarez, nº 13-baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por KENNEU, S.L. (RE 2.798 de 22/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MAIOR DE PESCADOS (EPIG. 612.8) situado na rúa de Brasil, nº 6 Bloque B - 1ºA.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a KENNEU, S.L. licencia municipal nº 23/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MAIOR DE PESCADOS (EPIG. 612.8) situado na rúa de Brasil, nº 6, Bloque B-1ºA.

Sendo as nove horas e dez minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.